

## BASES DA PROMOCIÓN

### CALENDARIO (RE)DESCUBRE NEDA



#### OBXECTO

O Concello de Neda pon en marcha unha acción promocional para recompensar a fidelidade daquelas persoas que apostan polo comercio e a hostalería nedenses, ofrecéndolles un premio directo, aos primeiros 300 clientes que soliciten o almanaque e cumbran os requisitos contemplados nestas bases.

#### PREMIOS

Entregaranse ata un máximo de 300 calendarios de sobremesa, ilustrados coas imaxes gañadoras do concurso fotográfico (RE)descubre Neda, convocado no mes de novembro para dar a coñecer o mellor da localidade dende o punto de vista turístico.

#### PARTICIPANTES

Poderán beneficiarse da promoción exclusivamente consumidores/as maiores de idade, que fagan unha compra ou unha consumición por importe igual ou superior a 10 euros nos establecementos comerciais e hostaleiros de Neda entre o 16 e o 23 de decembro do 2022.

#### MECÁNICA DA ACCIÓN PROMOCIONAL

Para obter o calendario, haberá que presentar entre o 19 e o 23 de decembro do 2022 un ticket de compra na biblioteca da Casa da Cultura de Neda (Avenida de Alxeciras, nº 61), en horario de luns a venres, de 9 a 13 e de 16 a 20 h.

O persoal municipal da biblioteca revisará que o ticket corresponde a unha compra ou consumición realizada nos negocios do municipio, dentro das datas e co importe mínimo sinalados, marcará o ticket e procederá á entrega do almanaque.

Dado que as unidades son limitadas, e co ánimo de que poidan chegar a máis persoas, só se entregará un calendario por persoa. Por iso, e ao único efecto de comprobación, tomarase nota do nome e apelidos da persoa receptora no momento da entrega do obsequio.

No caso de esgotarse as existencias antes do vencemento do prazo, o Concello de Neda informará desta circunstancia a través da páxina web e das redes sociais municipais.

#### CONSIDERACIÓNS FINAIS

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases.

Os datos das persoas participantes trataranse segundo a lei de protección de datos vixente.

NEDA, 15 DE DECEMBRO DO 2022